

Todos os anos, cada vez máis
escolas e fogares celebran
un día moi especial:
o Día da Familia!

Ven coñecer esta escola e as familias
de Xiami, Óscar, Rita, Xan, Saida, Nikita,
Alexis, Manuela, Felipe e Carolina.

*Un día para todas as familias.
Un libro para todas as familias.*



ISBN: 978-84-19607-98-0 www.nubeocho.com



9 788419 607980

O DÍA DA FAMILIA



Luis Amavisca
Marisa Morea



nubeOCHO

O DÍA DA FAMILIA



Luis Amavisca

Marisa Morea



En setembro de 1993 a Asemblea Xeral
das Nacións Unidas proclamou o 15 de maio
como Día Internacional da Familia.

*Ao meu fillo Juan. Quérote, pequerrecho.
A Óscar, Lourdes e a tita Elia.
A Rocío, Ibai, Naia, Tristán, Juan e María.
A todas as familias que cren no respecto e no amor.*

Luis Amavisca

*Á miña familia. Aos que están, aos que xa marcharon.
Tanto aos que me regalou a vida ao nacer
como ao longo do camiño.*

Marisa Morea

É

É G A L I T È

O Día da Familia

Colección Egalité

© do texto: Luis Amavisca, 2023

© das ilustracións: Marisa Morea, 2023

© da edición: NubeOcho, 2023

© da tradución: Maruxa Zaera, 2023

www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *El Día de la Familia*

Primeira edición: Outubro, 2023

ISBN: 978-84-19607-98-0

Depósito Legal: M-21835-2023


Impreso na China respetando as normas internacionais do traballo.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

O DÍA DA FAMILIA

Luis Amavisca · Marisa Morea




nubeOCHO

—Nenas, nenos, o domingo é o Día da Familia.
Imos facer un debuxo da nosa familia,
xa veredes como na casa lles vai encantar.

Pequenas e pequenos artistas, tendes gana
de poñervos mans á obra?



Siiii iiiii!




—Profe, por que se celebra o Día da Familia?

—Pois mira, Felipe, é importante celebrar o amor que sentimos polos nosos seres queridos, e celebralo xuntos. A quen vos gusta dicirle “quérote”?



—A min gústame dicirlllo á miña nai.
—Que bonito, Manuela!



—E ti, Rita?
—Ao meu pai e á miña nai!



—E a ti, Nikita?
—Á miña avoa,
ela é a miña familia!



—Profe, a min encántame dicírllelo con apertas!
Moito me gustan as apertas!
—Iso está xenial, Óscar!

–Profe, o meu curmán Xulio díxome que na súa escola celebran o Día do Pai.

–Rita, na nosa escola non celebramos nin o Día do Pai nin o Día da Nai, celebramos o Día da Familia. Non todas as familias son iguais, e non queremos deixar fóra a ningunha.



–Claro, profe. Hai moitas nenas e nenos que non teñen pai, como Felipe, Óscar, Alexis e Xiami.

E hai outros como Xan e Carolina que non teñen nai. Pero todas e todos temos familia.



—Pois si. A miña familia son a miña nai e os meus avós. Ah, e tamén o gato.

—Claro que si, Óscar!



—A miña familia son a miña irmá, Carme, e os meus avós.

—Xenial, Alexis!



—A min encántame ter dúas mamás!

—Que familia máis bonita, Felipe!



—Eu teño dous papás que me adoran. E eu a eles!